

**INTERPRETACIÓN DO DECRETO POLO QUE SE FIXAN OS PREZOS  
CORRESPONDENTES ÓS ESTUDIOS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DE TÍTULOS  
OFICIAIS NO ENSINO UNIVERSITARIO GALEGO.**

A Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto (BOE do 1 de setembro), de reforma universitaria (LRU), establece no seu artigo 54.3º b) que lle corresponde á Comunidade Autónoma fixar as taxas académicas polos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario, dentro dos límites que a nivel estatal ten que establecer o Consello de Universidades.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en cumprimento do dito artigo da LRU fixa cada curso, mediante un decreto, os prezos correspondentes ós estudos que conducen á obtención de títulos oficiais no ensino universitario galego. Estes prezos son produto das previsións macroeconómicas para Galicia.

Para evitar diferentes interpretacións deste decreto sobre diversos aspectos dos servizos ou actos académicos con prezos públicos fixados no decreto, é necesario dictar a seguinte

**RESOLUCIÓN:**

**PRIMEIRO. APLICACIÓN DO DECRETO DE PREZOS PÚBLICOS.**

1 A disposición derradeira do decreto declara a entrada en vigor do mesmo dende a súa publicación a principios de xullo, correspondendo esta data, xeralmente, a un curso académico diferente do curso para o que regula os prezos públicos. Por isto, os prezos públicos regulados polo decreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, entrarán en vigor dende a súa publicación, para os servizos e actos académicos que se establecen ó abeiro desta resolución.

2 A Xunta de Goberno da Universidade é o órgano que aproba o comezo e finalización de cada curso académico. Polo que os prezos públicos que por servizos académicos establece o Decreto 157/2001 do 29 de xuño (DOGA 6 de xullo) só serán de aplicación para os servizos académicos que terán efectos para o curso 2001/2002.

3 Os actos académicos de matrícula e certificación que sexan realizados antes do inicio do curso 2001/2002 con efectos para o dito curso, deberán ser liquidados segundo establece o Decreto 157/2001 do 29 de xuño.

4 Continuarán a liquidarse polo decreto do curso anterior citado, os actos académicos referidos ó curso 2000/2001, sempre e cando a súa liquidación se realice dentro dese curso.

**SEGUNDO: ACLARACIÓN DE CONCEPTOS PARA A LIQUIDACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS FIXADOS NO DECRETO E IMPORTES.**

1 Adaptación de estudos. Entenderase por adaptación de estudos para os efectos de liquidación de prezos públicos:

- A) O acto académico polo que se recoñecen os estudos, realizados en centros estatais e conducentes á mesma titulación oficial. Esta adaptación non devengará prezos públicos.
- B) O acto polo que se lle recoñece eficacia académica ás materias que se impartan no mesmo grupo de docencia, ou que se consideren unidas para os efectos de impartición no Plano Docente Anual, tanto se corresponden ós mesmos estudos coma se non. Esta adaptación reportará o 25% dos prezos públicos que establece o Decreto.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2 Validación de estudos. Entenderase por validación de estudos, para os efectos da liquidación de prezos públicos, o acto académico polo que se recoñecen efectos académicos ós estudos universitarios realizados consonte a un plano de estudos noutro plano que conduce a titulacións diferentes. O prezo da validación será do 25% dos prezos establecidos no Decreto.

3 Dos créditos de libre elección. Os prezos que se aboarán polo recoñecemento de créditos de libre elección será o 100 % do valor do crédito que establece o decreto da Xunta para as diferentes titulacións. Só aboarán o 25 % polo recoñecemento de créditos de libre elección (igual que as materias validadas) cando se trate dos créditos das aulas de informática que organiza a USC, dos créditos do Instituto de Idiomas da Universidade ou de materias cursadas noutras titulacións que se imputan a libre elección segundo as normas de xestión académica.

4 Apertura de expediente. Entenderase por apertura de expediente académico o inicio de estudos nunha titulación de primeiro ou de segundo ciclo.

5 Expedición da tarxeta de identidade: só se aboará unha tarxeta por alumno, con independencia das titulacións ou ciclos nos que estea matriculado.

6 Dos proxectos fin de carreira e traballos fin de carreira: Ó abeiro do antedito Decreto os proxectos fin de carreira aboaranse consonte ó establecido na Tarifa quinta 1., sen embargo os traballos fin de carreira definidos segundo a Resolución rectoral do 13 de outubro de 1998, serán aboados segundo o número de créditos, é dicir o número de créditos imputados ó traballo polo valor do crédito que segundo a titulación corresponde.

7 Curso completo: ao ter fixada a Universidade de Santiago unha parte moi importante da súa oferta de titulacións con planos de estudio renovados e non fixar estes cargas lectivas por curso que limiten a matrícula, cómpre, aos efectos de aplicar as disposicións do Decreto da Xunta, establecer o seguinte:

- A) De conformidade co parágrafo 2 do apartado do artigo 3 do citado Decreto, entenderase que o **curso completo para as ensinanzas renovadas na USC consta de 60 créditos.**
- B) Cando un alumno se matricule dese número de créditos, a tarifa a aplicar para o cálculo da súa liquidación será a fixada para o curso completo de estudos non renovados.
- C) De se matricular o alumno dun número de créditos distinto (por exceso ou defecto) ao do curso completo, o cálculo da liquidación da súa matrícula producirase de conformidade co establecido no parágrafo 1 do artigo 3 do Decreto da Xunta, é dicir, pola multiplicación do número de créditos polo prezo establecido para estes.

## TERCEIRO: PAGAMENTO FRACCIONADO

Aínda que o Decreto non recolle este concepto, os alumnos, agás os de centros adscritos, poderán ingresar o importe da matrícula, que corresponde á Univerisdade, en tres prazos:

- Primeiro prazo: o 50% do importe, no acto de formalización da matrícula.
- Segundo prazo: o 25% do importe, en decembro.
- Terceiro prazo: o 25% do importe, do 1 o 15 de marzo.

## CUARTO: EXENCIONS OU DEDUCCIONS POR MATRÍCULA DE HONRA.



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A deducción que por matrícula de honra establece o Decreto aplicarase ó abeiro da Resolución que regula as EXENCIONS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

## DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Para cursos sucesivos a interpretación desta resolución será automática salvo que sexa dictada norma en contra.

## DISPOSICIÓN FINAL.

Calquera consulta ou interpretación desta norma debe ser dirixida ó órgano competente ó través do Servicio de Alumnado.

## DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Esta resolución deixa sen efectos a *Resolución rectoral do 22 de xullo de 1999 de Interpretación do decreto polo que se fixan prezos correspondentes ós estudos conducentes á obtención de títulos oficiais no ensino universitario galego* e a *Instrucción do Vicerrector de Asuntos Económicos sobre a aplicación do decreto da Xunta de Galicia sobre prezos públicos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos oficiais na ensinanza universitaria para o curso 2000/2001 na USC . do 20 de xullo de 2000.*


Santiago de Compostela, 19 de xullo de 2001

O RECTOR

(P.D.r.r. do 11 de xullo de 2001)

O VICERECTOR DE RELACIÓNS EXTERIORES  
E PROXECCIÓN UNIVERSITARIA



  
Fernando Domínguez Puente

SRES.VICERRECTORES DE ASUNTOS ECONÓMICOS E ORDENACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL; SRES. DIRECTORES E DECANOS DE CENTROS. SR. XERENTE, SR. VICEXERENTE DO CAMPUS DE LUGO; SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRES. XEFES DOS SERVICIOS DE ALUMNADO, CONTROL INTERNO, CONTABILIDADE E PRESUPOSTOS, INFORMACIÓN, PAS E PROFESORADO; SRES. XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA, SR. DIRECTOR DO SEIN, SR. DIRECTOR DO COIE.